

Curso de jazz
Swing Machine Orchestra



É a primeira orquestra de cordas swing, unha proposta única, xenuína e alocada para bailar ao ritmo frenético dos anos 30. Interpretan arranxos estándar das grandes formacións de Glenn Miller, Benny Goodman ou Louis Prima, tales como "Sing, Sing, Sing", "In the mood", "Bei Mir Bist du Schoen", versións swing de clásicos como o Dobre Concerto para violín de J.S.Bach; ragtimes de Scott Joplin e diferentes arranxos compostos a medida para esta orquestra única en Europa. A formación é de violíns primeiros, violas, violonchelos, contrabaixo, batería e bailarina, unha idea orixinal dos violinistas Raúl Márquez e Suso Moreno. No seu espectáculo a orquestra presenta unha proposta diferente coa que se achega ao público para moverse ao ritmo trepidante do swing anos 30.

Swing Machine Orchestra participou no ciclo Swing et Circo da Escola Carampa e Swing Disorder, Swing no Matadero Madrid, Cabaret Flotante 2015, Calle Abierta no paseo do Prado de Madrid, Noches de Swing e Baile nas festas do Barrio de Salamanca en Madrid e Las Noches Bárbaras no Circulo de Bellas Artes de Madrid. Déixate levar por esta divertida orquestra que che fará vibrar a ritmo de swing!



III *burgo*
X *jazz*

85

90

95

Aula da Natureza "Juan Lombeyre"
Xardín Botánico Ría do Burgo
do 29 de xuño ao 2 de xullo de 20:30 h.

venses de jazz



Paraphernalia Quartet

É un grupo de jazz nacido na Coruña no ano 2010. O nome do grupo sae dun dos temas que Wayne Shorter compuso para o segundo quinteto de Miles Davis. A banda busca as súas raíces no jazz desa época. Os temas de Shorter foron o inicio da formación, cousa que compartían todos os membros da mesma. Iso quedará fermemente reflectido na súa primeira grabación "Zugzwang" para o selo Camshell Records, que tivo moi boas críticas por parte da prensa especializada (Distrito jazz, Zona de Jazz.).

sábado de jazz



The Swinging Flamings

O espírito da Nova Orleáns dos anos vinte e a vibrante enerxía da era do swing mestúranse con elegancia en The Swinging Flamings, que buscan trasladar a un formato reducido a esencia das grandes big bands norteamericanas.

Fats Waller e Louis Armstrong van de man de Count Basie e Frank Sinatra nesta particular homenaxe que The Swinging Flamings nos ofrece.

Música para lanzarse á pista de baile, deixarse levar e disfrutar dun espectáculo cheo de enerxía, swing e bo humor, que non resolverá os teus problemas pero seguro que conseguirá que os esquezas, polo menos por un tempo. Ramas Ramirez (saxo alto).

domingo de jazz



Rapazz quintet

Rapazz Quintet son vellos coñecidos do Burgojazz. Para eles o jazz é a música da imaxinación, do ritmo e da sorpresa... Cada actuación é unha festa dos sentidos, para escoitar, para ver, para tocar... Unha guerra sen cuartel á infelicidade e a tristeza... Un piano, un baixo, unha batería, un saxo tenor e un saxo alto son as súas armas...

Rapazz Quintet son: Javier López Palarés (baixo), Enrique Fernández Tornero (piano), Daniel Hermida Romero (batería), Augusto Vázquez Losada (saxo tenor), Luis Ramas Ramirez (saxo alto).

**Diego Negro &
The barefoot zen wonders**



É un proxecto de neosoul, nado no ano 2017 en Santiago de Compostela. Cando o cantante de soul Diego Negro decide xuntar aos músicos Alvaro Trillo (batería), Diego P. Castro (contrabaixo), Rafa Fernández (guitarra) e Xabier Facal (Wurlitzer e sintetizadores), reflicten a intensidade do soul, a elegancia do jazz e a complexidade da música progresiva. Con cancións que van desde baladas sensibles e delicadas ata temas con ritmo e forza, Diego Negro & the Barefoot Zen Wonders presentan unha proposta orixinal que alimenta o crecente panorama de música negra en Galicia.



**Marcos Teira-
Tranlations quinteto**

Marcos Teira é un guitarrista de dilatada traxectoria tamén dentro do panorama da guitarra flamenca. Con esta formación de quinteto convirte o concerto FLAMENCO TRANSLATIONS nun espectáculo especialmente visual e enerxético. Utilizando os ritmos flamencos e a liberdade do jazz para adaptar e rubicar clásicos nunha paisaxe nova e suxerente... Non é flamenco, tampouco é jazz; é as dúas cousas e non é ningunha delas...

**Clara Panas e
Pablo Sanmamed
Trio-Liric&Jazz**



É moi frecuente poder escoitar arroxos de música clásica, pero o que propón a extraordinaria cantante Clara Panas e o trio liderado por Pablo Pérez Sanmamed é algo fantástico: unha sonoridade de distintas épocas e verentes resultado da harmónica fusión dun estilo académico de canto lírico e a infinita liberdade da improvisación do jazz.